

**AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA**  
**3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Resolución do 24 de abril de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación individualizada dos alumnos e alumnas de terceiro curso de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2014-2015

## FINALIDADE

A avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria ten como finalidade comprobar o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades do alumnado en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación coa adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

Esta avaliación ten **CARÁCTER INFORMATIVO E ORIENTADOR**. Completa a información que reciben os alumnos, as familias e os centros e orienta as decisións na elaboración de plans de mellora. En consecuencia debe servira para:

- 1.- Aportar información individualizada de cada alumno/a avaliado sobre o seu progreso no grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática, e contribuír á detección de dificultades na aprendizaxe.
- 2.- Aportar información e orientar aos centros educativos para que, en función dos resultados obtidos polos seus alumnos e alumnas, cada centro adopte as medidas necesarias que redunden na mellora do proceso educativo.
- 3.- Aportar información ás familias e á administración educativa sobre o progreso de aprendizaxe do alumnado que contribúa a orientar a toma de decisión e o establecemento de medidas encamiñadas á mellora educativa.

## APLICACIÓN DA PROBA.

1.- A proba **aplicarase en todos os grupos de terceiro curso de educación primaria** e desenvolverase conforme ás instrucións que dite a Dirección Xeral de Educaición, Formación Profesional e Innovación Educativa.

2.- Procurarase que as probas sexan aplicadas por mestres que impartan docencia aos alumnos/as avaliados en áreas que non sexan lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, e matemáticas.

### **CORRECIÓN DA PROBA**

As probas deberán ser corrixiadas e gravadas **por mestres e mestras do centro** que impartan en educación primaria as áreas de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura ou matemáticas, pero que non impartan docencia aos alumnos e alumnas avaliados.

# **INFORMES**

**Os centros educativos obterán un informe de resultados de cada alumno/a** que realizou a probar xeral na que se recollerá información sobre os seus resultados globais nas destrezas e competencias avaliadas.

**O titor/a deberá informar aos pais, nais ou titores legais dos alumnos/as dos resultados** da avaliación individualizada de terceiro curso en relación co grao de adquisición das competencias avaliadas e das medidas adoptadas.

**Os centros educativos obterán un informe de centro** no que se recollerá información sobre resultados de centro e de grupo en cada unha das destrezas e competencias avaliadas.

# Aplicación da proba

As probas aplicaranse na seguinte orde:

## Día 27 de maio:

- 1.- Caderno 1 da competencia en comunicación lingüística. Tempo máximo 60 minutos.
- 2.- Descanso. Entre 20 e 30 minutos.
- 3.- Caderno 1 da competencia matemática. Tempo máximo 50 minutos.

## Día 28 de maio:

- 1.- Caderno 2 da competencia en comunicación lingüística. Tempo máximo 60 minutos.
- 2.- Descanso. Entre 20 e 30 minutos.
- 3.- Caderno 2 da competencia matemática. Tempo máximo 50 minutos.